



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE OUTUBRO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN.-

OUTRAS OBRAS.-

LIC/1135/2012.- PILAR RODRÍGUEZ SOUTO.- Reparación de tellado na rúa Concheiros, 21.

LIC/1108/2012.- DUPLEX ELEVACIÓN SLU. Substitución de maquinaria de ascensor na Avda. de Rosalía de Castro, 27.

LIC/1533/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS. Instalación de ascensor na rúa de Curros Enríquez, 23.

LEGALIZACIÓNS

LAP/105/2008 e LIC/1243/2006.- CARPE DIEM EL PUERTO SC.- Legalización de obra e actividade de Hostal-Restaurante na rúa do Franco, 48.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-

LIC/982/2011.- LUIS IGLESIAS RÁBADE.- Parcelación no lugar de Pedrido-Eira Vella (+)

PRÓRROGAS

LIC/1590/2012.- JOSE MANUEL RODRIGUEZ LAMEGO.- Prórroga para construción de vivenda unifamiliar.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1392/2012.- ANTONIO SEOANE VILAR LIC/478/2012 25.000 €.

LIC/1318/2012.- CARLOS BESCANSÁ LEIROS LAP/161/2011 1.000 €.

LIC/1319/2012.- CARLOS BESCANSÁ LEIROS LAP/161/2011 7.890'99 €.

LIC/1125/2012.- GEMMA TRONCOSO REGO LIC/1106/2011 2.000 €.

LIC/1546/2012.- RAQUEL SUAREZ BROCOS LIC/757/2010 1.500 €.

LIC/1401/2012.- MUSEO POBO GALEGO LIC/2215/2005 1.500 €.

LIC/1562/2012.- CONSTRUCCIONES RUA FER, SA LIC/647/2007 6.000 €.

4.- Proposta da concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas á Agrupación de Deportistas Veteranos.

Apróbase conceder á Agrupación de Deportistas Veteranos, con carácter prioritario, a utilización de diferentes pavillóns municipais para celebrar diversas competicións deportivas.

5.- Prórroga do contrato de Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase a prórroga do contrato de Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela polo prazo de 4 meses a contar desde o 12 de novembro ata o 11 de marzo de 2013 coa empresa BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A., mentres se leva a cabo a tramitación dunha nova licitación.

6.- Aprobación do proxecto de modificación orzamentaria coa transferencia da partida de relacións veciñais a centros socioculturais.

Apróbase o proxecto.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle no ámbito do quínteiro K do Parque empresarial da Sionlla (parcelas K4c01a-K4c01b).

Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á permuta de mutuo acordo no Proxecto de expropiación ZV1 PERI 11 (Salgueiriños).

Apróbase a proposta.

10.- Proposta da alcaldía relativa ao pagamento de aluguer da Estación de Berdía.

Apróbase a proposta da Alcaldía relativa ao pagamento adeudado a RENFE en concepto de aluguer da Estación de Berdía, instalación que ocupa o centro sociocultural.

URXENCIAS

1.- Apróbase o aboamento de horas extraordinarias e plus de transporte por importe de 151.244 euros.

2.- Apróbase a sinatura dun convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña para a realización de prácticas no Concello.

3.- Iníciase o procedemento de compra dun radar para o túnel do Hórreo por importe de 72.000 euros.

4.- Apróbase a realización de obras nos seguintes barrios:

- San Paio e Casa Novas: 31.749 euros

- San Pedro e Concheiros: 37.600 euros

- Meixonfrío: 45.761 euros

5.- Apróbase o prego e o inicio do expediente para a contratación do servizo de limpeza e conserxería dos Colexios Públicos de Infantil e Primaria do Concello para o curso 2013-2014 cun tipo de licitación de 1.080.000 euros.

6.- Apróbase a realización dun programa de educación ambiental no Centro de Interpretación do Medio Ambiente por importe de 22.141,26 euros.

7.- Apróbase o expediente de convenio de asociación cunha mutua de accidentes de traballo para o control de baixas do persoal do Concello.